



Colecistectomía laparoscópica en réxime de CMA

GUÍA DE INFORMACIÓN AO PACIENTE

PROPÚXOSELLE A VOSTESE REALIZAR UNHA EXTIRPACIÓN DA VESÍCULA BILIAR EN RÉXIME DE CIRURXÍA MAIOR AMBULATORIA (CMA)

Esta intervención cirúrxica realízase no Hospital Meixoeiro, onde temos unha infraestrutura óptima e persoal con ampla experiencia.

(Seguramente vostede teña familiares e amigos que xa teñen sido operados de xeito ambulatorio no noso centro)

Os requisitos para ser candidato a este procedemento cirúrxico son rigorosos. Deben seguirse para garantir o éxito e a seguridade da intervención. Unha vez valorado na Consulta de Cirurxía Xeral :



¡Vostede os cumpre!

REQUISITOS FUNDAMENTAIS



- Un soporte familiar axeitado e dispor dun adulto responsable durante o su traslado a domicilio e nas primeiras 24h postoperatorias.
- Transporte propio e domicilio situado a menos dunha hora do Hospital Álvaro Cunqueiro.
- O seu domicilio debe cumprir certas condicións de accesibilidade, habitabilidade, confort e hixiene axeitadas.



PREOPERATORIO

- Despois de completar os estudos preoperatorios e ser avaliado polo Anestesia, avisarémolo telefónicamente da data prevista para a cirurxía.
- Os datos específicos desta intervención atópanse no documento de Consentimento Informado que lle foi entregado na consulta de Cirurxía Xeral.

O DÍA DA OPERACIÓN: Veña acompañado e coas horas de xaxún indicadas.

Á SÚA CHEGADA AO MEIXOIRO:

Vaia ao Hall Principal. En Admisión realizaráselle o ingreso na Unidade de CMA (1º andar).
Recorde: No traia consigo obxectos de valor.

A CIRURXÍA



- Realizarase con anestesia xeral.
- Trala intervención empregaranse medicamentos para facilitar a súa axeitada e rápida recuperación.
- Poderá comer 4 horas despois do fin da cirurxía.
- Xeralmente, se cumpre uns estritos criterios médicos, será dado de alta ao su domicilio tras 6 -8 h da cirurxía.
- É posible que sinta molestias leves na zona umbilical que poderá controlar con analgésicos orais comúns (paracetamol, ibuprofeno, etc).
- Ó alta daremos indicacións sobre o tratamento que debe seguir e entregaremoslle información e normas para a súa recuperación na casa.

A colecistectomía laparoscópica en CMA ten beneficios tanto para a saúde pública xeral como para cada paciente. Permite unha recuperación máis rápida, cun menor risco de exposición ás infeccións hospitalarias e redución de estadias innecesarias.

AGRADECEMOS A SÚA COLABORACIÓN.

POR FAVOR, ¡COMENTE CON NÓS CUALQUERA DÚBIDA QUE TEÑA!